



Calendario Escolar 2019/20

Calendario escolar 2019-2020

Inicio de curso	11/09: EI, EP, EE. 16/09: ESO, BAC, FP, REX. ESP.
Remate de curso	19/06: EI, EP, ESO, BAC, FP. 30/06: RÉXIME ESPECIAL
Nadal	Do 21/12 ao 7/01 ambos inclusive
Entroido	24, 25 e 26 de febreiro
Semana Santa	Do 4 ao 13 de abril , ambos inclusive
Día do Ensino	31/10

O mércores de cinza, día non lectivo

A Consellaría entregou unha proposta con 178 días lectivos, que quedan en 176 cos dous días feriadados locais. A CIG-Ensino amosou o seu malestar porque se xogue con este tema dos días lectivos. A norma indica, contra o noso parecer, que haxa un mínimo de 175 e nunca nos últimos anos se superou esa cifra. Demandamos que o mércores de cinza non sexa lectivo. [A Consellaría acéptao.](#)

En xuño e setembro, castigados cunha hora máis.

Un ano máis a Consellaría negouse a considerar a volta á xornada reducida de xuño e setembro, con catro horas de duración, que motivou no curso escolar 2008/09 un profundo malestar do profesorado e unha resposta masiva ao acordo de ampliación de horarios imposto pola Consellaría e asinado polos demais sindicatos.

Seguimos cun calendario con trimestres descompensados.

Hai un vello debate sobre se é posíbel unha mellor organización do calendario escolar que só reaparece anualmente nun foro como a Mesa Sectorial que é, desde o punto de vista da CIG-Ensino, claramente insuficiente para afrontar posíbeis cambios, xa que estes inciden en toda a comunidade educativa e non se militan a cuestións laborais do profesorado.

Desde o sindicato temos proposto en numerosas ocasións que se abra un amplo debate social para determinar se existen melloras que acometer na organización escolar do curso académico. Por exemplo, camiñar cara un calendario escolar que permita fixar descansos cada dous meses na actividade lectiva, buscando unha distribución máis lóxica tanto para o profesorado como para o alumnado e evitando a descompensación que se produce sempre pola adaptación do curso escolar ás tradicionais festas de orixe relixiosa. [A Consellaría prefire non pensar.](#)

Rosalía, estranxeira na súa patria para o goberno galego.

Temos un goberno que prefire ocultar o principal referente cultural do país no marco das conmemoracións escolares. Temos unha secretaría xeral de política lingüística que xa nada facía cando estaba en Educación e que segue en silencio fronte ao desprezo que Educación amosa ano tras ano por Rosalía de Castro. O **24**

de febreiro, Día de Rosalía, seguirá

a ser un día promovido desde o

activismo social e cultural e

non desde o goberno do

país. A multitude de actos

en centros educativos ano

longo do país así o

evidencia. Darlle as costas

á realidade é propio de

acomplexados e

colonizados. A alerxia da

Consellaría non se limita a

Rosalía, tamén se estende ao **10 de**

marzo como **día da clase obreira galega**,

unha data que debe formar parte non só do

currículo escolar senón tamén das datas a

salientar ao longo do curso.

A Xunta evita visibilizar a non discriminación da diversidade afectivo-sexual.

Solicitamos un cambio na mentalidade de quen dirixe esta Consellaría. Segue sendo un contrasentido que se nos lembre que existe unha Lei para a igualdade de trato de lesbianas, gays, trans, bi e intersexuais e , sen embargo, se lle dea un tratamento diferente a outras datas a conmemorar, como quen prefire ocultar unha realidade. Propomos que se elimine o apartado

8.2 e se incorporen as datas máis salientábeis para favorecer esa visibilidade da diversidade afectivo-sexual no apartado 8.1, optando pola visibilidade e a normalización. Ocultar as datas non é mostra disto. [A Consellaría non da mostra do cambio de mentalidade que solicitamos.](#)

Presenza do profesorado nos centros para elección de horarios e grupos.

A CIG-Ensino fixo fincapé na necesidade de que, tanto nesta orde como na de destinos provisionais, se garanta o dereito a que todo o profesorado que vai impartir docencia nun centro poida estar presente na primeira reunión do claustro e de departamento para a elección de grupos. O

profesorado sen destino definitivo, agás no corpo de mestres, chega en moitos casos cunha distribución xa feita sen que poidan participar na reunión previa. Solicitamos que se modifique a orde que desenvolve os ROC dos IES e o CPI para permitir que todo o profesorado, definitivo ou con destino provisional, participe na organización dos horarios e grupos de alumnado.

[A Consellaría negouse novamente a introducir cambios, deixando a decisión nas direccións nos centros.](#)



Rosalía de Castro,
silenciada de novo pola
Xunta de Galiza.

Outras propostas concretas no articulado da orde.

- * Artigo 9.3. A programación escolar en cursos con varias persoas titoras debe entregala aquela docente que acorden os titores e titoras do curso e non ser designada pola dirección, que se limitaría a intervir en caso de falta de acordo.
- * Artigo 10.2: a orde segue condicionando a xornada e horario escolar as necesidades do transporte escolar, deixando nun segundo plano as consecuencias no rendemento ou cuestións pedagóxicas. Hai casos de desprazamentos excesivamente longos e de horarios totalmente disparatados só para conveniencia das empresas adxudicatarias do transporte escolar, agora maioritariamente combinado.
- * Xornada despois de finalizadas as aulas: a redacción para os centros de Infantil e Primaria (11.1) e Secundaria (12.4.3) debería unificarse. Solicitamos que, atendidas as obrigas fixadas na orde, se teña en conta a flexibilización necesaria para o profesorado que participe nas oposicións.
- * Disposición adicional 1ª. Reducir o prazo de 15 días para casos excepcionais. Como todo cambio debe ser autorizado pola Xefatura Territorial non ten sentido que non se recolla que poda facerse nun prazo máis breve. Debe arbitrarse un prazo extraordinario que sempre contaría coa autorización da XT.
- * Disposición adicional 2ª. Período de adaptación. Vimos demandando un período de adaptación flexíbel que poda modificarse en función das decisións que tome o equipo docente. A duración deste

período, tanto para reduci-lo como para ampli-lo, debe responder á realidade do alumnado e non depender dunha decisión burocrática como é unha orde.

- * Adscrición funcional en Primaria. Mantemos a nosa posición favorábel a que o alumnado teña o mesmo titor ou titora cada dous cursos, no que antes da LOMCE denominabamos ciclos e que agardemos que en breve se recuperen a todos os efectos. Demandamos que tamén se manteñan os traballos de coordinación e que se potencien e recoñezan a todos os efectos, tamén de puntuación no concurso de traslados. Non hai nada que o impida.

[A Consellaría non acepta ningunha destas propostas.](#)



CALENDARIO ESCOLAR 2019-2020

	Inicio de clases en Infantil, Primaria e Educación Especial
	Inicio de clases en secundaria, bacharelato, FP e réxime especial
	Días non lectivos
	Fin de actividades lectivas en EI, EP, EE, ESO, BAC, FP
	Fin de actividades lectivas nas ensinanzas de réxime especial
	Días feriaos

DÍAS LECTIVOS TOTAIS: 177 (hai que descontar 2 festivos locais ou de centro)

1ª Avaluación: 70. 2ª Avaluación: 59. 3ª Avaluación: 48

2019

22

outubro 2019						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

20

novembro 2019						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

14

setembro 2019						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

14

decembro 2019						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

2020

18

xaneiro 2020						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

17

febreiro 2020						
L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	

21

marzo 2020						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

16

abril 2020						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

20

maio 2019						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

15

xuño 2020						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal